



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 28.05.2024**

**LUGAR:** Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

**DATA:** 28.05.2024

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:20 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Reigosa Roger, Manuel Joaquín

Calviño Rodríguez, Xulio

García Míguez, María de los Ángeles

Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo

Novoa Rodríguez, María Sol

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

**DESCULPAN ASISTENCIA**

Larriba Leira, María Elvira



O martes día 28 de maio de 2024, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17.10.2023).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Aprobación, se procede, da implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, consonte os requisitos do ranking de Transparencia da Fundación Haz:
  - a) "Deberes de dilixencia" (Avaliación de desempeño. Asistencia a reunións).
  - b) Novos indicadores consonte as competencias recollidas na LOSU (Principios éticos, compliance e responsabilidade social).
- 4.** Informe sobre a modificación non substancial de títulos da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).
- 5.** Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente, para o curso 2024/2025.
- 6.** Autorización, se procede, da redución de prezos para o curso de Especialista en "Tradución para a industria do videoxogo".
- 7.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria 2024, nos Campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.
- 8.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para expedir a Certificación Internacional de Competencia Dixital (ICDL) ao alumnado dos cursos "eDestrezas".
- 9.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para a actividade "Campus Camp", a desenvolver durante as vacacións nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- 10.** Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para actividades que acheguen ao estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- 11.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para organizar a "III edición dos Premios Alumni-UVigo 2024".
- 12.** Aprobación, se procede, da aceptación da cesión á UVigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade industrial pola Fundación Profesor Novoa Santos. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).
- 13.** Informe que proceda sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2024/2025.
- 14.** Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a licitación do servizo "contratación de asesoramento técnico para elaborar un estudo sobre a inserción de titulados da UVigo 1990-2024, e análise comparativo".
- 15.** Informe sobre os convenios asinados pola UVigo durante os meses de febreiro, marzo e abril.
- 16.** Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas en 2023, se houbera.
- 17.** Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes, e especialmente a comparecencia do responsable da Unidade de Análises e Programas da Universidade de Vigo, David Basalo, para informar á comisión.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17.10.2023).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

O presidente e o reitor dan conta, respectivamente, das reunións e conversas que se están a producir cos responsables educativos da Xunta para o desenvolvemento autonómico da LOSU; e do avance da negociación dos novos estatutos da Universidade de Vigo, os aspectos máis significativos que se recollen en relación ao Consello Social, e as previsións respecto da exposición pública e a redacción final do documento.

### **PUNTO 3**

*Aprobación, se procede, da implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, consonte os requisitos do ranking de Transparencia da Fundación Haz:*

- c) *"Deberes de dilixencia" (Avaliación de desempeño. Asistencia a reunións).*
- d) *Novos indicadores consonte as competencias recollidas na LOSU (Principios éticos, compliance e responsabilidade social).*

Agradece David Basalo a invitación para dar conta do novo marco no que se deberán desenvolver os consellos sociais e as universidades para cumprir os requisitos da Fundación Haz, e contribuír á maior transparencia da Universidade de Vigo, obxectivo para o que o Consello Social deberá mellorar os chamados "deberes de dilixencia", isto é: dunha parte, informar de xeito individualizado e claramente identificado da porcentaxe de asistencia de cada un dos seus membros ás reunións dos diferentes órganos; e doutra parte, efectuar periodicamente unha autoavaliación de desempeño por parte de cada un dos membros, para o que se somete a aprobación a proposta de indicadores. Subliña a importancia de cumprir porque o grao de transparencia que acade a universidade influirá no acceso a fondos e recursos. O secretario pide que se revisen os indicadores propostos, por se se considera oportuna algunha modificación, cambio ou ampliación, a fin de eevalos ao pleno e aplicarlos a maior brevidade. Aclara, así mesmo, que para esta enquisa identificarase a quen responda, pero o contido será anónimo.

Así mesmo, ao abeiro do artigo 47 da LOSU que outorgan aos consellos sociais a responsabilidade de garantir o cumprimento dos principios éticos, a integridade académica e as directrices antifraude que deben guiar a función docente e investigadora, a Fundación Haz crea unha nova área de información denominada "Ética e cumprimento", con tres novos indicadores de compliance, e recomenda aos consellos sociais impulsar o desenvolvemento dun código ético da universidade, a designación dun responsable de área ou unidade de cumprimento, e a implantación dun sistema interno de información ou canal ético. Sobre estes requisitos e a súa implantación, así como sobre a situación na que se atopa a Universidade de Vigo neste eido reflexiona o intervinente, apoiado nunha presentación gráfica na que se recolle unha explicación sintetizada. O secretario sinala que -conforme avance o desenvolvemento legislativo da LOSU no ámbito autonómico-, o Consello Social e a Universidade de Vigo deberán establecer marcos de actuación para levar a cabo as obrigas conxuntas recollidas na lei orgánica.

- ***Dáse traslado ao Pleno.***

*(Ernesto Pedrosa reitera o agradecemento a David Basalo, que abandona a reunión neste intre).*

### **PUNTO 4**

*Informe sobre a modificación non substancial de títulos da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).*

A Comisión recibe información non competencial sobre os procesos que desenvolve a Universidade de Vigo para modificacións non substanciais de 32 graos (todos con informe favorable, agás Enxeñaría Aeroespacial por causa asociada ao ámbito de coñecemento, que se emendará ante a ACSUG, e outros



dous adiados ao próximo curso), 36 mestrados (todos con informe favorable) e 24 programas de doutoramento (tamén con informe favorable). O presidente engade que pese a non ser competencia do Consello Social, tráese á comisión para visualizar o traballo que se está a facer para actualizar e adecuar a oferta académica da universidade.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente, para o curso 2024/2025.*

Lembra o presidente que lle corresponde ao Consello Social fixar os prezos dos títulos propios para cada curso académico. A comisión aproba -con leves variacións en asuntos administrativos respecto ao curso anterior- a proposta para o curso 2024/2025 remitida pola Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).

- ***Infórmase favorablemente para elevación ao Pleno.***

#### **PUNTO 6**

*Autorización, se procede, da redución de prezos para o curso de Especialista en "Tradución para a industria do videoxogo".*

O presidente explica que consonte o mesmo regulamento da CPFP será tamén o Consello Social o que autorice a redución de prezos en ocasións xustificadas. Nesta sesión autorízanse prezos reducidos, por diferentes razóns, que se aportan, para o alumnado dos títulos propios: Especialista en "Tradución para a industria do videoxogo", Máster de formación permanente en "Xestión e liderado de organizacións sanitarias", e curso de formación "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral". As dúas últimas propostas foron remitidas ao Consello Social na véspera de reunirse a comisión, polo que, a proposta do secretario e en aras da operatividade, son incorporadas á orde do día previa autorización da comisión e conforme ao disposto no Regulamento de funcionamento do Consello Social.

- ***A comisión dá a aprobación.***

#### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria 2024, nos Campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.*

O programa de cursos de extensión universitaria permite aos profesores organizar accións formativas en aberto para a sociedade, ofrecendo coñecementos, destrezas e aprendizaxes en áreas do seu interese. Desenvolveranse entre o 10 de xuño e o 25 de outubro, cun mínimo de 30 horas, e con cinco ofertas no campus de Vigo, sete en Pontevedra e catro en Ourense. Os asistentes deberán ser un mínimo de 20 e un máximo de 100. As matrículas varían entre os 10 e os 100 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos para expedir a Certificación Internacional de Competencia Dixital (ICDL) ao alumnado dos cursos "eDestrezas".*

Os participantes no programa eDestrezas, que financia o Consello Social para fomentar as competencias dixitais do alumnado, PAS e PDI, poderán acceder a una Certificación internacional (ICDL), recoñecida pola UNESCO, que acredite ditas competencias a nivel de usuario. A UVigo é a terceira universidade en España acreditada como centro homologado para realizar os exames, e establecerá dúas convocatorias ao longo do ano, nos tres campus e nun ordenador configurado. Os prezos das taxas varían dende 20 ata 40 €, segundo os interesados sexan ou non membros da comunidade universitaria.

- ***Apróbase por asentimento.***



### **PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos para a actividade "Campus Camp", a desenvolver durante as vacacións nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.*

A Universidade de Vigo ten previsto desenvolver esta actividade durante o período escolar de vacacións (xuño, xullo e setembro), para favorecer a conciliación da vida familiar e profesional dos membros da comunidade universitaria, ao tempo que se achega aos máis pequenos aos recintos universitarios. A actividade desenvolverase nos tres campus, e está dirixida a fillas e fillos con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, durante os períodos non lectivos dos meses de xuño, xullo e setembro. Os prezos (sen cambios respecto a 2023) van dende 8 € por día solto ata 160 € polos tres meses.

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para actividades que acheguen ao estudiantado ao mercado laboral e á empregabilidade.*

Informa o presidente que, anualmente, o Consello Social subscribe unha colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para impulsar a cooperación da universidade coas empresa e asociacións, e para realizar actividades que axuden á integración da universidade no entorno e no territorio. Dentro deste marco tamén se contempla realizar actividades formativas no ámbito do emprego, coñecer como se achega o estudiantado ao mercado laboral e proporcionar obradoiros sobre técnicas de busca de emprego, entre outras accións. Todas as iniciativas están dirixidas aos tres campus e á comunidade universitaria en conxunto. Propón unha aportación de **20.000 €** (como en anos anteriores) para o exercicio de 2024. O reitor incide na importancia da colaboración e da actividade que está a asumir a Fundación.

- ***Infórmase favorablemente para elevación ao Pleno.***

### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade, para organizar a "III edición dos Premios Alumni-UVigo 2024".*

Ernesto Pedrosa destaca que o obxectivo principal da Comunidade Alumni-UVigo é fomentar vínculos e cooperación entre persoas egresadas, para que manteñan unha conexión permanente coa institución ao longo da súa vida persoal e profesional. Para contribuír a esta causa convócase un acto para entregar cinco premios nunha cerimonia pública prevista para o 5 de xullo, dentro do encontro anual Alumni-UVigo 2024, no que tamén se farán públicos distintos recoñecementos. Lembra que o Consello Social propiciou no seu momento a creación e posta en marcha deste proxecto que agora lidera a Vicerreitoría de Estudiantado, quen solicita colaboración para desenvolver as actividades. Propón o presidente que se conceda unha axuda na que se contemple a redución prevista nas normas respecto da concedida na anterior edición.

- ***Apróbase unha aportación de 6.500 €.***

### **PUNTO 12**

*Aprobación, se procede, da aceptación da cesión á UVigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade industrial pola Fundación Profesor Novoa Santos. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).*

Resume o presidente -de entre a abundante documentación que se xunta- que a Fundación Profesor N'voa Santos acordou ceder á UVigo a súa porcentaxe de participación nas solicitudes e títulos de propiedade industrial vencelladas aos traballos e proxectos desenvolvidos por unha investigadora que ven de incorporarse ao CINBIO, onde seguirá a utilizar esas tecnoloxías.



A cesión das patentes e software faríase con carácter gratuíto, e a Universidade de Vigo asumiría os custos de mantemento, na porcentaxe correspondente a súa participación en cada unha delas, entre un 33 e un 90%.

- ***Infórmase favorablemente para elevación ao Pleno.***

### **PUNTO 13**

*Informe que proceda sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2024/2025.*

Propónse polo presidente emitir informe favorable sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos pola prestación de servizos académicos e administrativos para o curso 2024/2025 nas universidades galegas. Comenta que, con carácter xeral, mantéñense os prezos do actual curso, e contéplase para o alumnado de grao "unha bonificación do 99% do importe da matrícula dos créditos correspondentes ás materias aprobadas en primeira matrícula e que non sexan obxecto doutro tipo de bonificación ou exención no mesmo curso". Como principal novidade, a matrícula será gratuíta para todos os que inicien estudos nas universidades o vindeiro mes de setembro, así como para os de segundo e posteriores cursos que superen unha porcentaxe de créditos entre o 65 e o 90%, segundo a área de coñecemento.

- ***Infórmase favorablemente para elevación ao Pleno.***

### **PUNTO 14**

*Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a licitación do servizo "contratación de asesoramento técnico para elaborar un estudo sobre a inserción de titulados da UVigo 1990-2024, e análise comparativo".*

Propónse a licitación para contratar a elaboración dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da Universidade de Vigo entre os anos 1990 e 2024 co fin de obter os indicadores de empregabilidade actualizados do antigo estudiantado universitario, de maneira que poidan ser comparados cos do entorno socio-demográfico e económico no contexto galego, español e europeo. Farase unha enquisa a unha mostra representativa do antigo estudiantado, destinada a determinar os indicadores de empregabilidade en función de variables académicas, socio-laborais e profesionais, así como de satisfacción co itinerario académico e de inserción laboral. Así mesmo serán elaborados os informes de resultados e a aplicación dun sistema para a visualización gráfica dos mesmos. Aos efectos que consideren oportunos, os membros dispoñen do prego da licitación que será remitido para valoración da Xerencia e posterior tramitación a maior brevidade. O importe máximo serán 14.250 € (IVE incluído), cunha duración de seis meses. O presidente subliña que con esta acción estase a dar cumprimento a unha das misións encargadas expresamente pola LOSU aos consellos sociais. O secretario, Ignacio Rodríguez, engade que a contratación deste servizo complementará e redundará positivamente no mellor funcionamento e aproveitamento dos estudos que está a facer o Observatorio de Persoas Tituladas.

- ***Infórmase favorablemente para elevación ao Pleno.***

### **PUNTO 15**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de febreiro, marzo e abril.*

Revisase a relación de convenios remitida pola Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, de xeito especial no que se refire aos que teñen dotación económica: cinco en febreiro, sete en marzo e trece en abril.

Todos eles acompañáñanse do preceptivo informe da Asesoría Xurídica, e de Control Interno nos casos en que a súa contía supere os 15.000 euros.

- ***A Comisión dáse por informada.***



### **PUNTO 16**

*Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas en 2023, se houbese.*

Na documentación que se achega explícase que en xullo de 2012 o Consello Social, co obxectivo de facilitar un procedemento máis áxil e doado para as doazóns bibliográficas, por non ter estas unha maior transcendencia para o patrimonio da universidade, validou a Normativa de aceptación de doazóns bibliográficas aprobada pola Comisión da Biblioteca, despois de solicitar que se incorporase ao texto que a súa aplicación se circunscribe a doazóns menores e correntes, non ás doazóns de singular importancia que son competencia directa do Consello Social. Pedíuse, así mesmo, que se informase ao Consello Social, o que se fai de xeito anual. Consonte o exposto, periodicamente solicítase información de cumprimento. En 2023 non se rexistrou ningunha doazón bibliográfica.

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 17**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 28 de maio de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,  
Ernesto Pedrosa Silva  
(Asinado dixitalmente)

O secretario,  
Ignacio Rodríguez Iglesias  
(Asinado dixitalmente)